

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CPI ARMANDO COTARELO VALLEDOR

CURSO: 2º EDUCACIÓN PRIMARIA

MATERIAS: MATEMÁTICAS, LINGUA CASTELÁ, LINGUA GALEGA, CIENCIAS NATURAIS E  
CIENCIAS SOCIAIS

DATA: 10/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles:

| 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles (Matemáticas)  |  |
|--|--|
| Criterio de avaliación   | Estándar de aprendizaxe  |
| Ler, escribir e ordenar números enteiros utilizando razoamentos apropiados   | Escribe e ordena números ata o 999   |
| Ler, escribir e ordenar números enteiros utilizando razoamentos apropiados   | Realiza correctamente series tanto ascendentes como descendentes   |
| Identificar o valor de posición das cifras en situacións e contextos reais   | Descompón e compón números naturais interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras       |
| Interpretar diferentes tipos de números segundo o seu valor, en situacións da vida cotiá   | Identifica os números pares e impares  |
| Realizar operacións e cálculos numéricos mediante diferentes procedementos en situacións de resolución de problemas  | Realiza cálculos numéricos coas operacións de sumas e restas na resolución de problemas                  |
| Identificar e resolver problemas da vida cotiá, establecer conexións entre a realidade e as matemáticas e valorar a utilidade dos coñecementos matemáticos adecuados | Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados                                       |
| Realizar operacións e cálculos numéricos mediante diferentes procedementos   | Realiza cálculos numéricos da multiplicación en forma vertical/horizontal e identifícaa en forma de suma |
| Coñecer o valor e as equivalencias entre as diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea   | Coñece a función e o valor das diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea        |

## 2. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles. (Lingua Castelá)

| Criterio de avaliación  | Estándar de aprendizaxe  |
|---|--|
| Producir textos sinxelos segundo un modelo con diferentes formatos (descritivos,narrativos,dialogados) e intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos) aplicando as regras ortográficas de nivel e coidando a presentación | Escrebe con axuda textos sinxelos propios da vida cotiá atendendo á forma da mensaxe e a súa intención comunicativa e respetando as normas gramaticais e ortográficas básicas (noticias e textos literarios) |
| Producir textos sinxelos segundo un modelo con diferentes formatos (descritivos,narrativos,dialogados) e intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos) aplicando as regras ortográficas de nivel e coidando a presentación | Presenta os seus traballos con caligrafía clara e limpeza  |
| Desenvolver as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua  | Utiliza sinónimos e antónimos na expresión escrita   |
| Aplicar os coñecementos básicos sobre as regras ortográficas para favorecer unha comunicación máis eficaz   | Utiliza os signos de puntuación e normas ortográficas propias do nivel e as aplica á escritura de textos sinxelos  |
| Desenvolver estratexias para mellorar a comprensión escrita a través do coñecemento da lingua   | Aplica a concordancia de xénero e número na expresión escrita  |
| Reproducir a partir de modelos dados textos literarios sinxelos: contos e poemas  | Crea sinxelos textos literarios (contos e poemas) a partir de pautas ou modelos dados  |
| Elaborar proxectos individuais sobre diferentes temas   | Presenta textos sinxelos que ilustra con imaxes  |
| Desenvolver estratexias para mellorar a comprensión escrita a través do coñecemento da lingua   | Utiliza unha sintaxe básica nas producións escritas propias  |

### 3. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles (Lingua Galega)

| Criterio de avaliación  | Estándar de aprendizaxe   |
|---|---|
| Comprender e localizar información explícita en textos sinxelos de uso cotiá ou procedentes dos medios de comunicación    | Comprende informacións concretas en textos sinxelos propios de situacións cotiás como notas e mensaxes curtas |
| Interpretar e comprender, de maneira xeral, a información procedente de ilustracións                                      | Interpreta e comprende, de maneira xeral, a información de ilustracións                                       |
| Amosar capacidade de selección de textos do seu interese, así como ser quen de expresar preferencias                      | Selecciona textos do seu interese con certa autonomía en función dos seus gustos e preferencias               |
| Producir e reescribir textos sinxelos, relativos a situacións cotiás infantís, aqueles propios dos medios de comunicación | Produce e reescribe textos relativos ás situacións cotiás   |
| Producir e reescribir textos sinxelos, relativos a situacións cotiás infantís, aqueles propios dos medios de comunicación | Elabora o texto con coherencia xeral e de xeito creativo  |
| Producir e reescribir textos sinxelos, relativos a situacións cotiás infantís, aqueles propios dos medios de comunicación | Usa nos seus escritos o punto, a coma, dous puntos, ... signos de exclamación e interrogación                 |
| Producir e reescribir textos sinxelos, relativos a situacións cotiás infantís, aqueles propios dos medios de comunicación | Aplica de maneira xeral, as regras ortográficas con especial atención ao uso das maiúsculas                   |
| Presentar adecuadamente os traballos escritos en calquera soporte   | Presenta os textos seguindo as normas básicas de presentación establecidas: caligrafía clara e limpeza        |
| Utilizar recursos gráficos, como a ilustración, que faciliten a comprensión de textos                                     | Ilustra creativamente os seus textos con imaxes redundantes co seu contido                                    |
| Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical básica   | Identifica nomes comúns e propios, sinala o xénero e número en frases ou textos sinxelos                      |

#### 4. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles (Ciencias Naturais)

| Criterio de avaliación   | Estándar de aprendizaxe   |
|--|---|
| Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando a diversidade  | Identifica e escribe as partes do corpo humano e compárao co doutros seres vivos                              |
| Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando a diversidade  | Recoñece a respiración e nutrición como funcións vitais   |
| Relacionar os hábitos de alimentación, hixiene, exercicio físico e descanso coa saúde e coa enfermidade  | Relaciona o exercicio físico, o descanso e a adecuada alimentación coa propia saúde                           |
| Deseñar un menú semanal de merendas saudables na casa  | Identifica os alimentos diarios necesarios, aplica o menú semanal de merendas na casa                         |
| Identificar as principais características e comportamentos de animais e plantas para adaptarse ao seu medio, tendo en conta o seu contorno               | Explica as diferenzas entre os seres vivos e inertes e identifica animais e plantas observando o seu contorno |
| Observar, manexar e clasificar obxectos e aparellos simples domésticos identificando a súa utilidade, as partes que os compoñen e a enerxía que empregan | Coñece os oficios das persoas do seu contorno e valora a importancia de cada profesión                        |

### 5. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles (Ciencias Sociais)

| Criterio de avaliación  | Estándar de aprendizaxe   |
|---|---|
| Recoñecer a auga como elemento natural analizando os usos que o ser humano fai da auga: domésticos, económicos, públicos e deportivos recreativos. O uso responsable deste ben                                    | Pon un exemplo de cada un dos usos que o ser humano fai da auga   |
| Observar e localizar nun mapa os lugares nos que hai auga distinguindo entre zonas de auga doce e salgada   | Identifica os lugares onde hai auga na contorna e cómo se distribúe a auga doce e salgada no territorio                                     |
| Identificar as diferenzas entre paisaxe natural e urbana, analizando as consecuencias que a intervención humana provoca na conservación da paisaxe natural e definindo algunhas medidas para a conservación desta | Identifica os elementos da paisaxe natural e urbana máis próxima  |
| Identificar as diferenzas entre paisaxe natural e urbana, analizando as consecuencias que a intervención humana provoca na conservación da paisaxe natural e definindo algunhas medidas para a conservación desta | Describe as paisaxes de costa diferenciándoas das de interior   |
| Coñecer a organización social da súa contorna próxima e as súas formas de goberno e diferenciar entre unha localidade e un municipio  | Describe a organización social da contorna máis próxima e as súas formas de goberno e diferencia entre que é unha localidade e un municipio |

## 2. Avaliación e cualificación

| <b>Avaliación</b>  | <p>Procedementos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Autoavaliación Familiar Dirixida:</b><br/>Unha vez feitas as tarefas polo alumnado, as familias tamén dispoñen doutro documento coas realizacións e solucións correctas. Momento no que as actividades establecidas no Plan de Traballo Semanal, serán corrixidas/comprobadas polo pai/nai/titor legal do alumnado.<br/>A familia contestaralle ao docente co visto bo da realización, pola vía acordada para tal caso</li> <li>• <b>Escala de Observación</b> recollida da información a través das tarefas escritas enviadas por correo electrónico.</li> </ul>   |  |      |                       |     |                       |     |  |                |                       |  |
|--|---|--|------|-----------------------|-----|-----------------------|-----|--|----------------|-----------------------|--|
|  | <p>Instrumentos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Plan de Traballo Semanal</b> enviado ás familias mediante servizo de mensaxería de telefonía móbil e correo electrónico.</li> </ul>  |  |      |                       |     |                       |     |  |                |                       |  |
| <b>Cualificación final</b>   | Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso:   |  |      |                       |     |                       |     |  |                |                       |  |
|  | <table style="width: 100%; border-collapse: collapse;"> <thead> <tr> <th style="text-align: left; padding: 5px;">CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN DA 3ª AVAL.</th> <th style="text-align: right; padding: 5px;">PESO</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td style="padding: 2px 5px;">Nota da 1ª avaliación</td> <td style="text-align: right; padding: 2px 5px;">50%</td> </tr> <tr> <td style="padding: 2px 5px;">Nota da 2ª avaliación</td> <td style="text-align: right; padding: 2px 5px;">50%</td> </tr> <tr> <td style="padding: 2px 5px;"><b>Actividades de repaso/reforzo da 3ª aval.</b></td> <td style="text-align: right; padding: 2px 5px;"><b>+10 (*)</b></td> </tr> <tr> <td style="padding: 2px 5px;">Nota da 3ª avaliación</td> <td style="text-align: right; padding: 2px 5px;"><b><math>[(1ª\ av + 2ª\ av)/2] + 10\% = 100\%</math></b></td> </tr> </tbody> </table> | CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN DA 3ª AVAL. | PESO | Nota da 1ª avaliación | 50% | Nota da 2ª avaliación | 50% | <b>Actividades de repaso/reforzo da 3ª aval.</b> | <b>+10 (*)</b> | Nota da 3ª avaliación | <b><math>[(1ª\ av + 2ª\ av)/2] + 10\% = 100\%</math></b> |
|  | CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN DA 3ª AVAL.  | PESO                                   |      |                       |     |                       |     |  |                |                       |  |
|  | Nota da 1ª avaliación   | 50%                                    |      |                       |     |                       |     |  |                |                       |  |
|  | Nota da 2ª avaliación   | 50%                                    |      |                       |     |                       |     |  |                |                       |  |
|  | <b>Actividades de repaso/reforzo da 3ª aval.</b>  | <b>+10 (*)</b>                         |      |                       |     |                       |     |  |                |                       |  |
| Nota da 3ª avaliación  | <b><math>[(1ª\ av + 2ª\ av)/2] + 10\% = 100\%</math></b>  |  |      |                       |     |                       |     |  |                |                       |  |
| <p>(*)Ese 10% será aplicado naqueles casos onde o alumnado entregou as actividades do Plan de Traballo Semanal que se lle pediron. Esta porcentaxe será sumada á media aritmética das notas do 1º e o 2º trimestres para obter a cualificación do 3º trimestre. Polo tanto <b>NON</b> se penalizará a non realización das tarefas deste terceiro trimestre, só se engadirá o tanto porcentual establecido á nota dos esforzos presenciais xa feitos polo alumnado.</p> |   |  |      |                       |     |                       |     |  |                |                       |  |



| <b>3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)</b> |   |
|--|---|
| <b>Actividades</b>   | <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>-Alumnado con 1ª, 2ª ou ambas avaliacións suspensas:</b></li> </ul> <p>Non figura alumnado de 2º de primaria nesta situación.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>-Alumnado con 1ª e 2ª avaliacións aprobadas:</b></li> </ul> <p>Partiremos dun <b>Plan de Traballo Semanal</b> onde as actividades deseñadas serán basicamente de repaso e reforzo da materia impartida ao longo do 1º e 2º trimestre do presente curso, atendendo así a diversidade do alumnado de maneira globalizada.</p> <p>Levaranse a cabo fichas de repaso dos contidos dados, e combinarase con actividades globalizadas coas que se busca o traballo de diferentes competencias á vez.</p> <p>O <b>Plan de Traballo Semanal</b>, centrarase nas seguintes pautas de traballo (éstas foron consensuadas entre o Departamento de Orientación e a titora):</p> <p><b><u>REFORZO LINGUA/LENGUA:</u></b> aproximadamente 30 minutos diarios.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Apoio ao proceso da Lectoescritura (copiado,ditado...)</li> <li>-Compresión oral/escrita (a través dunha lectura, responder as preguntas ben sexa de forma oral ou por escrito).</li> </ul> <p><b><u>LECTURA:</u></b> aproximadamente 15 minutos diarios. Sexa unha lectura fixada no libro de texto (aproveitaremos esta ocasión para abordar as áreas de <b><u>CIENCIAS NATURAIS/SOCIAIS</u></b> achegándolle ao alumnado lecturas sobre os temas xa traballados: animais, plantas...) ou calquer lectura noutro libro ou conto.</p> <p><b><u>MATEMÁTICAS:</u></b> aproximadamente 30 minutos diarios.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Estudo e repaso das táboas de multiplicar (15 minutos diarios)</li> <li>-Operacións básicas (sumas/restas con e sen levadas e inicio na escritura vertical/horizontal da multiplicación sen levar).</li> </ul> |
| <b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>  | <p>Partiremos do nivel do alumnado e das súas aprendizaxes traballadas ao longo do 1º e do 2º trimestre.</p> <p>Deseñaranse actividades de repaso, reforzo e no seu caso ampliación do traballado que lle permitan aos alumnos avanzar cara os resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia.</p> <p>Para levar a cabo estas actividades, farase un <b>Plan de Traballo Semanal</b> onde se traballen todas as áreas de forma globalizada e interdisciplinar. Este <b>Plan de Traballo Semanal</b> será enviado ás familias mediante servizo de mensaxería de telefonía móbil e correo electrónico, medios a través dos que tamén se establecen as titorías para calquer dúbida.</p> <p>Incluso chamadas telefónicas, se se considera necesario.</p>  |
| <b>Materiais e recursos</b>  | <p>Recursos dixitais (aplicacións, links/enlaces, ordenador/tablet). Fichas de reforzo da editorial así como fichas elaboradas pola titora. Libros de texto.</p>  |

#### **4. Información e publicidade**

|  |  |
|--|--|
| <b>Información ao alumnado e ás familias</b> | A información será transmitida mediante servizo de mensaxería de telefonía móbil, correo electrónico e páxina web do centro. |
| <b>Publicidade</b>                           | Na páxina web do centro colgarase o documento.   |